



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**EXPEDIENTE: 237/2022**

**OBXECTO DO EXPEDIENTE: INFORME DE CONTROL FINANCEIRO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.**

### INFORME DE CONTROL FINANCEIRO

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, e no exercicio das funcións de control financeiro establecidas no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte

### INFORME

#### ANTECEDENTES

Fundamentalmente, consta no expediente a seguinte documentación:

- Relación de expedientes tramitados polo Departamento de Contratación do Concello de Chantada no exercicio 2021. Subscrito polo funcionario responsable.
- Relación de expedientes de selección de persoal tramitados polo Departamento de Persoal do Concello de Chantada no exercicio 2021. Subscrito polo funcionario responsable.
- Conxunto de relacións de facturas tramitadas no exercicio 2021 facilitados polo persoal da Intervención Municipal. (Expediente 77/2021).
- Relación de expedientes de licenzas urbanísticas tramitadas no exercicio 2021 facilitado polo persoal do servizo de urbanismo do Concello. Subscrito polo funcionario responsable.
- Acta de selección de expedientes no que se reflexa o resultado da insaculación efectuada de conformidade co previsto na Base 33 das Bases de Execución do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021.

#### NORMATIVA APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

---

**CONCELLO DE CHANTADA**

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. (TRLRFL)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPACAP)
- RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Control Interno das Entidades do Sector Público Local. (RDCIL)
- Resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se dictan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021.

### INFORME

#### 1.- INTRODUCCIÓN

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local modificou os artigos 213 e 218 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e encomendou ao goberno regular os procedementos de control e a súa metodoloxía de aplicación co fin de acadar un control económico orzamentario máis rigoroso e reforzar o papel da función interventora nas entidades locais.

O artigo 3 do RDCIL regula as formas de exercicio do control interno distinguindo a función interventora e o control financeiro, engadindo o control de subvencións conforme á súa normativa específica.

- A función interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa calificación, que den lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e a inversión ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables a cada caso.
- O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico-financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se atope orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

---

### CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

O control financeiro así definido comprende as modalidades de control permanente e auditoría pública, engadindo ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do Texto Refundido das Lei Reguladora das Facendas Locais.

- O control sobre entidades colaboradoras e beneficiarios de subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o sector público local, que se atopen financiadas con cargo aos seus orzamentos xerais, de acordo co establecido na Lei Xeral de Subvencións.

O control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exerceráse mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública. Ambas modalidades engadirán un control de eficacia, que consistirá en verificar o grado de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora co obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local se axusta ao ordeamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental. A estos efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría. O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no plan anual de control financeiro, como as actuacións que o ordeamento xurídico lle atribúa ao interventor.

A auditoría pública consiste na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dicte a Intervención Xeral da Administración do Estado. A auditoría pública engloba, en particular as seguintes modalidades:

- A auditoría de contas, que ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso da execución do orzamento dacordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión axeitada.

O órgano interventor realizará anualmente a auditoría das contas anuais dos organismos autónomos locais, das entidades públicas empresariais locais, das fundacións do sector público local obrigadas a auditarase pola súa normativa específica,

---

**CONCELLO DE CHANTADA**

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNVAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

os fondos e consorcios aos que se refire o artigo 2.2 do regulamento e das sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obriga de auditarse que se tivesen incluído no plan anual de auditorías.

- A auditoría de cumprimento e a auditoría operativa, que se realizará nas entidades do sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

A auditoría de cumprimento ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financieira se teñen realizado de conformidade coas normas que lle son de aplicación.

A auditoría operativa ten como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financieira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, ao fin de detectar posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas para a súa corrección.

No exercicio das funcións de control financeiro deberán examinarse cantos antecedentes, documentación e información sexan precisos a efectos das actuacións de control, así como consultar a información contida nos sistemas informáticos de xestión que sexan relevantes. A estes efectos, os órganos xestores, de acordo co deber de colaboración que se establece no artigo 222 do TRLFL, deberá facilitar a información de carácter económico ou de outra natureza que sexa relevante para a realización das actuacións de control. En particular poderanse solicitar os informes emitidos polos órganos de control externo e outros órganos de control.

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio.

En canto ao control permanente o artigo 32 sinala que os traballos de control permanente realizaranse de forma continuada e engadirán as seguintes actuacións:

- Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora.
- Seguemento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados.
- Comprobación da planificación, xestión e situación da tesouraría.
- As actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor.

---

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

- Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar unha valoración da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións en orde a súa corrección.
- Na Entidade Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con trascendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflexan razoablemente o resultado das operacións derivadas da súa actividade económico-financeira.

O órgano interventor comunicará ao órgano xestor o inicio de aquelas actuacións de control permanente que requiran a súa colaboración.

As verificacións necesarias para o desenvolvemento dos traballos de control permanente realizaranse de forma sistemática e mediante a aplicación de procedementos de análise das operacións ou actuacións seleccionadas ao efecto, que permitan obter unha evidencia suficiente, pertinente e válida. No caso de que ditas verificacións se efectúen aplicando procedementos de auditoría someteráanse, a falta de norma específica, ao establecido nas normas de auditoría do sector público aprobadas pola IGAE. As actuacións a realizar poderán consistir, entre outras, no exame de rexistros contables, contas, estados financeiros ou estados de seguemento elaborados polo órgano xestor; o exame das operacións individualizadas e concretas; a comprobación de aspectos parciais e concretos dun conxunto de actos; a verificación material da efectiva e conforme realización das obras, servizos, subministracións e gastos; a análise dos sistemas e procedementos de xestión; a revisión dos sistemas informáticos de xestión que sexan precisos e calquera outra comprobación en atención ás características especiais das actividades económico-financeiras realizadas polo órgano xestor e aos obxectivos que se persigan.

O resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se exporá de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Do mesmo xeito, indicaranse as deficiencias que deban ser subsanadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control. Tamén serán enviados aos órganos que prevé o artigo 5.2 cando en ditos informes se aprecie a existencia de feitos que podan dar lugar, indiciariamente, ás responsabilidades que nel se describan.

### 2.- OBTIVOS E ALCANCE

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

De conformidade coa Resolución da IGAE de 30 de xullo de 2015, pola que se dictan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente neste apartado sinalaránse, de forma sucinta, os obxectivos de control e os aspectos e periodo da xestión que son obxecto de análise.

No exercicio 2021 non se aprobou un Plan Anual de Control Financiero. Non obstante nas Bases de Execución do Orzamento estableceuse un conxunto de actuacións respecto das cales se deberá efectuar o control financeiro. Deste xeito a bases 33.9 das BEO correspondentes ao exercicio 2021 sinalaron que:

“No control financeiro para o exercicio 2021 (a realizar durante os 7 primeiros meses do exercicio 2022), realizaranse as seguintes actuacións, na medida do posible e cos medios existentes:

1.- Control financeiro a posteriori en contratos de obras, subministracións e servizos e selección de persoal. Procederá a analizarse mediante control a posteriori, mediante técnicas de mostraxe ou auditoría de ditos gastos (en función do tipo de gasto), debéndose coller unha mostra representativa, que afecte ao menos ao 5% dos expedientes tramitados, procedéndose a realizar un informe sobre as incidencias detectadas. Para recoller esta mostra representativa utilizarase o xestiona, e en presenza da Secretaría levantarase se acta dos expedientes escollidos por un funcionario de intervención ao azar, que serán obxecto de estudo.

2.- Control financeiro de ingresos. Procederá a analizarse mediante procedementos de auditoría, a través de técnicas de mostraxe según o tipo de ingreso, debéndose recoller unha mostra representativa, que afecte ao menos, ao 5% dos expedientes tramitados, procedéndose a realizar un informe sobre as incidencias detectadas. Para recoller esta mostra representativa utilizarase a contabilidade municipal recollida nos Capítulos 1 a 3 de ingresos, e en presenza da Secretaría Municipal levantarase acta dos expedientes escollidos por un funcionario de intervención ao azar, que serán os obxecto de estudo.

O devandito informe, xunto coas observacións que formulen os órganos xestores, remitirase ao Pleno da Corporación, xunto coa aprobación da conta xeral.

Sen prexuízo das actuacións de control que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento e dos procedementos de obtención da información correspondente, considérase pertinente efectuar un control, na medida do posible, máis completo, extendéndose a aspectos como o seguemento da execución orzamentaria ou a situación da tesouraría, ademáis de efectuar unha avaliación global de algúns procedementos da entidade, dentro, por suposto, dos medios dos que dispón a Intervención Municipal.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

Debido á carga de traballo da funcionaria que subscribe foi imposible cumprir os prazos de emisión de este informe previstos nas Bases de Execución do Orzamento.

### 1.- CONTROL DOS GASTOS

#### A) Expedientes de contratación

De acordo coa relación emitida polo funcionario encargado da tramitación dos expedientes de contratación o número de expedientes que se corresponde co 5% da poboación é de dous contratos. Da insaculación efectuada e que se reflexa na acta de selección de expedientes, resultan os seguintes:

EXPEDIENTE	OBXECTO	PROCEDEMENTO	VALOR ESTIMADO
729/2021	Pavimentación do vial municipal Penasillás-Xillán de Arriba. Contrato de obras.	Aberto simplificado sumario.	55.147,92 euros.
204/2021	Servizo tratamento arquivístico municipal.	Menor	14.768 euros.

De acordo coa base 33 das Bases de Execución do Orzamento os expedientes de contratación estarán sometidos ao réxime de fiscalización e intervención limitada previa. Polo que a fiscalización e intervención previa limítase á comprobación dos extremos sinalados nas propias Bases de Execución, prevendo estas unicamente os sinalados na Resolución da IGAE de 25 de xullo de 2018. Estas actuacións deben ser obxecto dun control financeiro posterior.

#### **CONTROL FINANCEIRO DO EXPEDIENTE 729/2021.- CONTRATO DE OBRAS PARA A PAVIMENTACIÓN DO VIAL MUNICIPAL PENASILLÁS-XILLÁN DE ARRIBA.**

##### A) ANTECEDENTES

Relacionado co expediente 729/2021 (contrato integrado en PLACE), atópase o expediente 143/2021, polo que consta documentación relativo ao contrato en ambos expedientes. Nótese que o motivo da duplicidade de expedientes e que durante o exercicio 2021 procedeuse á integración do Xestiona coa Plataforma de Contratación do Sector Público o que esixe, para levarse a efecto, a creación de expedientes específicos integrados coa plataforma para o

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

axeitado funcionamento desta integración. Sen prexuízo do anterior, a documentación fundamental que consta nestos dous expedientes é a seguinte:

- Proxecto de obras para a pavimentación do vial municipal Penasillás a Xillán de Arriba, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Don José Enrique Cacicedo Herrero, con Rexistro de Entrada número 70 de data 04/02/2021.
- Informe dos servizos técnicos municipais, asinado por Don Juan García Pérez, de data 30/03/2021.
- Certificación do acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 08/04/2021, polo que se aproba o proxecto e se nomea director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Providencia de inicio do expediente de contratación, asinada polo Alcalde do Concello en data 20/04/2021.
- Memoria xustificativa dos extremos fundamentais do expediente de acordo co artigo 116 da LCSP, asinada con data 20/04/2020.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado polo Alcalde da Corporación con data 20/04/2021.
- Informe do Secretario da Corporación, D. Fernando Torre Comesaña, no que se recolle o procedemento a seguir e a conformidade do expediente coa normativa vixente, asinado con data 20/04/2021.
- Acta de replanteo previo, de data 19/04/2021, asinada polo Director de Obra, D. José Enrique Cacicedo Herrero e polo Alcalde da Corporación.
- Informe de fiscalización limitada previa emitido pola interventora municipal, correspondente coa FASE A, autorización do gasto, con data 20/04/2021.
- Certificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Chantada en sesión celebrada con data 21/04/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, se autoriza o gasto e se dispón a publicación dos documentos que procedan no perfil do contratante, no portal de transparencia e demais medios que resulten procedentes.
- Acta da mesa de contratación correspondente á sesión celebrada con data 19/07/2021 (suspendida) e reanudada con data 28/07/2021, na que se propón como adxudicatario do contrato á empresa FEVISA VIAS E OBRAS S.L, asinada por todos os asistentes.
- Documentación presentada mediante a plataforma PLACE pola empresa proposta como adxudicataria do contrato.
- Dilixencia de fiscalización limitada previa conforme correspondente á FASE D (disposición do gasto) emitida pola intervención municipal.
- Decreto 2021-0595, de data 28/07/2021, polo que se avoca a competencia delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Chantada, se adxudica o contrato á

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 39





## CONCELLO DE CHANTADA

---

- empresa FEVISA VIAS E OBRAS, por importe de 45.500 euros e 9.555 euros de IVE, e unha ampliación do prazo de garantía de 61 meses.
- Xustificantes de notificación electrónica do decreto de adxudicación do contrato.
  - Documento contable AD, por importe de 55.055 euros na partida orzamentaria 454.610 do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021.
  - Documento de formalización do contrato, mediante a aceptación/firma da Resolución de adxudicación, asinado polo adxudicatario con data 29/07/2021.
  - Plan de seguridade e saúde e informe favorable do plan de seguridade e saúde emitido polo coordinador de seguridade e saúde D. José Enrique Cacicedo Herrero (R.E. número 666 de data 13/08/2021).
  - Decreto 2021-0641 polo que se aproba o plan de seguridade e saúde para a obra de Pavimentación do Vial Municipal Penasillás-Xillán de Arriba.
  - Acta de comprobación do replanteo asinada dixitalmente polo Director de Obra, o Alcalde e o contratista, de data 18/08/2021.
  - Acta de recepción asinada por todos os asistentes ao acto celebrado con data 29/11/2021.
  - Informe da Intervención Municipal ampliatorio da comprobación material da inversión.
  - Factura FACE número 244, de data de emisión 8/10/2021, con número de rexistro en contabilidade 2021-31157, e data de rexistro en contabilidade 08/10/2021, conformada pola Alcaldía en data 15/10/2021.
  - Providencia de Alcaldía pola que se conforma a factura e se incoa o expediente para a súa aprobación.
  - Informe de fiscalización limitada previa da intervención municipal correspondente á FASE O, recoñecemento da obriga.
  - Decreto 2021-0942, polo que se avoca a competencia delegada na xunta de goberno local, se recoñece a obriga e se ordea o pago da mesma.
  - Orde de pago da factura correspondente e xustificante bancario de pago.

### B) FUNDAMENTOS

Sen prexuízo da fiscalización previa das diferentes fases da execución orzamentaria do correspondente expediente, procede agora efectuar un control completo aos efectos de poñer de manifesto as posibles deficiencias do mesmo e efectuar recomendacións para os expedientes futuros. A estos efectos esta Intervención entende pertinente comentar os seguintes aspectos:

#### 1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

##### 1.- Crédito orzamentario e correcta imputación orzamentaria do expediente.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGA\*3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

Consta documento contable de Retención de crédito na partida orzamentaria 454.610.00. O crédito é axeitado e suficiente. A actuación realizouse no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, tratándose dunha actuación suxeita ao programa de investimentos. A executividade dos recursos fiscalizouse de conformidade.

### 2.- Memoria xustificativa

De acordo co artigo 116.4 da LCSP no expediente xustificárase axeitadamente: a) a elección do procedemento de licitación b) a clasificación que se esixa aos participantes c) os criterios de solvencia técnica e profesional, económica e financeira e os criterios que se terán en consideración para a adxudicación do contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo d) o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, engadindo sempre os custos laborais se existisen e) a necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional f) Nos contratos de servizos o informe de insuficiencia de medios g) a decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato. Procédese a analizar sucintamente cada un dos extremos que deben ser xustificados na memoria.

#### a) Elección do expediente de contratación:

De acordo co artigo 131 da LCSP a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. Nos supostos do artigo 168 poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade e nos casos previstos no artigo 167 poderá recurrirse ao diálogo competitivo e no suposto do artigo 177 ao de asociación para a innovación. Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118. No expediente obxecto de control utilízase o procedemento aberto simplificado sumario do artigo 159.6, que é un procedemento de utilización ordinaria polo que esta intervención entende que non é precisa unha maior xustificación na memoria. Asimesmo enténdese que a elección do procedemento de adxudicación é correcta posto que o artigo 159.6 da LCSP prevé esta posibilidade para os expedientes de contratación de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros.

#### b) Clasificación que se esixa aos participantes e os criterios de solvencia técnica e profesional, económica e financeira e os criterios que se terán en consideración

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**para a adxudicación do contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo.**

No expediente analizado non se esixe clasificación ao contratista.

Segundo o artigo 159.6 da LCSP, no procedemento aberto simplificado sumario, eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económico-financeira, técnica e profesional, non obstante, a exención da acreditación non implica que non deban determinarse nos pregos os requisitos de solvencia e xustificarse axeitadamente na memoria.

En canto aos criterios de adxudicación incorpórase unha xustificación, non obstante, sería recomendable que se incorporase unha valoración do custo da ampliación do prazo de garantía, aos efectos de atribuírle a ponderación máis axeitada ao criterio e así seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa.

A condición especial de execución non se xustifica suficientemente.

**c) O valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, engadindo sempre os custos laborais se existisen.**

Trátase dun contrato de obras e a valoración realízase segundo o orzamento do proxecto, que é asinado por un técnico, polo tanto, enténdese correctamente xustificada a valoración no expediente.

**d) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato**

O artigo 99 da LCSP sinala que o obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. Sempre que a natureza do obxecto do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes. Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente. En todo caso consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato os seguintes: a) o feito de que a división en lotes do obxecto do contrato conlevase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia b) o feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben, que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados axeitadamente no expediente.

A memoria recolle unha xustificación moi xenérica, recoméndase, sen prexuízo de que se trate dunha potestade discrecional do órgano de contratación, a incorporación dun informe técnico xustificativo deste extremo, como xa se ten incorporado nalgún outro expediente de contratación. Deste xeito, sen prexuízo de que por motivos obvios, xa que o obxecto do contrato é a pavimentación dun único vial municipal, neste expediente non resultase razoable a división en lotes, o precepto esixe unha xustificación da expresa da non división, que non se incorpora, polo que se recomenda a elaboración dun novo modelo de memoria que recolla un novo apartado da xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato.

En resumo, no expediente consta unha memoria xustificativa de algúns dos extremos sinalados no apartado anterior. Non obstante debe efectuarse unha máis ampla xustificación de algúns extremos como a non división en lotes do obxecto do contrato, os criterios de adxudicación, as fórmulas para a súa ponderación, os criterios de solvencia que se esixen aos licitadores e as condicións especiais de execución do contrato.

### **3.- Contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares.**

No réxime de fiscalización e intervención limitada previa polo que se rexe esta Intervención aos efectos de realizar o control previo dos expedientes de contratación, esixe a comprobación con carácter previo a adopción do acto administrativo correspondente dos extremos sinalados na Resolución da IGAE de 25 de xullo de 2018, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios. Segundo este sistema, con carácter previo á aprobación dos pregos e do expediente de contratación comprobaranse un conxunto de extremos sinalados na indicada resolución, debendo completarse estas actuacións con outras de control financeiro posterior, procedendo agora efectuar un exame máis exhaustivo dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

O artigo 122 da LCSP sinala que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e solo poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego conlevará a retroacción das actuacións. Nos pregos de cláusulas administrativas particulares engadiránse os criterios de solvencia e adxudicación do contrato; as consideracións sociais, laborais e ambientais que como criterios de solvencia, de

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

adxudicación ou como condicións especiais de execución se establezan; os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato; a previsión de cesión do contrato salvo nos supostos en que a mesma non sexa posible de acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 214.1; a obriga do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación; e as demais mencións requiridas por esta Lei e as súas normas de desenvolvemento. Os pregos deberán mencionar expresamente a obriga do futuro contratista de respetar a normativa vixente en materia de protección de datos. Nos supostos en que a execución do contrato requira o tratamento de datos por parte do contratista nos pregos engadirase as previsións do artigo 122.2 in fine. Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no artigo 192.1, para os casos de incumprimento ou cumprimento defectuoso da prestación ou características de mesma, en especial cando se tiveran en conta para definir os criterios de adxudicación, ou atribuír a puntual observancia destas características o carácter de obriga contractual esencial.

Ante a imposibilidade de analizar a totalidade das cláusulas do prego esta Intervención considera convinte analizar os seguintes aspectos pola súa transcendencia:

- **Calificación do contrato**

O obxecto do contrato é a execución dunha obra (artigo 13 da LCSP). Así se sinala tamén nos pregos e no informe de Secretaría, seguindo o expediente a tramitación propia deste tipo de contratos.

- **Procedemento de adxudicación**

Segundo o artigo 159.6 da LCSP nos contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros e nos contratos de subministracións e servizos de valor estimado inferior a 60.000 euros, excepto os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual aso que non será de aplicación este apartado, o procedemento aberto simplificado poderá seguir a seguinte tramitación:

- A) O prazo para a presentación das proposicións non poderá ser inferior a 10 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no perfil do contratante. Non obstante o anterior, cando se trate de compras correntes de bens dispoñibles no mercado o prazo será de 5 días hábiles.
- B) Eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económico-financieira e técnica e profesional.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

- C) A oferta entregárase nun único sobre ou arquivo electrónico e avalíárase, en todo caso, con arreglo a criterios de adxudicación contificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.
- D) A valoración das ofertas poderáse efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos ou coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación. Garantizaráse, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realizará ata que teña finalizado o prazo da súa presentación, polo que non se celebrará o acto público de apertura das mesmas.
- E) As ofertas presentadas e a documentación relativa á valoración serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restricción algunha dende o momento en que notifique a adxudicación do contrato.
- F) Non se requerirá a constitución de garantía definitiva.
- G) A formalización do contrato poderá efectuarse mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.

En todo o non previsto neste apartado aplicarase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado.

Compróbase que o procedemento establecido no prego se axusta ao sinalado no presente artigo. Así se indica tamén no informe de Secretaría que se inclúe no expediente.

### - **Capacidade para contratar**

Segundo o artigo 65 da LCSP, soamente poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en algunha prohibición para contratar e acrediten a súa solvencia económico-financiera e técnica ou profesional, ou nos casos en que así o esixa este Lei, se atopen debidamente clasificadas.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares non recollen un pronunciamento expreso respecto da concreción de estas condicións. Recoméndase unha maior precisión no prego dos requisitos acreditativos da capacidade de contratar, especialmente, que se aclare a obrigatoriedade de inscrición dos licitadores no ROLECE, extremo que a Lei non precisa para o procedemento aberto simplificado abreviado e que convén determinar no prego. Do mesmo xeito a constancia expresa e xustificada dos requisitos de solvencia esixidos, para evitar problemas interpretativos no momento da admisión dos licitadores no procedemento.

### - **Criterios de adxudicación**

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

O artigo 145 da LCSP sinala que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arreglo a criterios económicos e cualitativos. Os criterios que sirvan para a adxudicación do contrato estableceranse nos pregos e deberán figurar no anuncio de licitación, debendo cumprir os seguintes requisitos: a) estar vinculados ao obxecto do contrato b) ser formulados de xeito obxectivo, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada c) deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de xeito efectivo a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar que as ofertas cumpren cos criterios de adxudicación. No caso de que se establezan melloras como criterios de adxudicación, deberán estar suficientemente especificadas.

O prego utiliza como criterios de adxudicación o prezo, cunha ponderación do 70% e a ampliación do prazo de garantía cunha ponderación do 30%, prevendo criterios económicos (prezo) e cualitativos (ampliación do prazo de garantía). Os criterios están vinculados ao obxecto do contrato xa que de acordo co artigo 145.6 son criterios vinculados ao obxecto do contrato os que se refiran ou integren as prestacións que se deban realizar en virtude de dito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida. Asimesmo, parece que son formulados de xeito obxectivo.

En canto ás fórmulas utilizadas, o artigo 146 da LCSP sinala que a elección das fórmulas deberá ser xustificada no expediente. Nin o prego de cláusulas administrativas particulares, nin a memoria xustificativa incorporan unha xustificación das fórmulas utilizada para a ponderación dos criterios.

### **- Condicións especiais de execución**

De acordo co artigo 202 da LCSP os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estén vinculadas ao obxecto do contrato, no sentido do artigo 145, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias, sexan compatibles co dereito da Unión Europea e se indiquen no anuncio de licitación e nos pregos. En todo caso será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de polo menos unha das condicións especiais de execución de entre as que se enumeran no apartado seguinte. Asimesmo, nos pregos correspondentes aos contratos cuxa execución implique a cesión de datos polas entidades do sector público ao contratista será obrigatorio o establecemento dunha condición especial de execución que faga referencia á obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de

---

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

protección de datos, advertíndose ademais ao contratista de que esta obriga ten o carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 211.1.

Estas condicións de execución poderán referirse, en especial, a consideracións económicas, relacionadas coa innovación, de tipo medioambiental ou de tipo social.

Compróbase que a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares comprende dúas condicións especiais de execución:

1.- Condición de tipo social: No suposto de que durante a execución do contrato se produza algunha baixa do persoal contratado pola empresa ou si para a execución do contrato fose necesario contratar algunha persoa esta contratación realizarase entre persoas desempregadas inscritas na oficina de emprego. Analizada esta condición entende esta Intervención que pode encadrarse entre as previstas no artigo 146, non obstante, debería xustificarse no expediente a elección da mesma. Non consta que se controle na fase de execución do contrato o cumprimento desta condición especial de execución.

2.- Condición en materia de protección de datos: O adxudicatario cumprirá coa normativa española e europea en materia de protección de datos, tendo esta condición o carácter de obriga contractual esencial.

### - Outros aspectos a sinalar do prego

As penalidades introducidas nos pregos son de modelo. Debería efectuarse unha adaptación ás características propias de cada obra.

A previsión de cesión do contrato recóllese na cláusula 21 do prego.

A obriga do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao convenio sectorial de aplicación recóllese na cláusula 17.3 do prego.

A previsión da obriga do contratista de respetar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e previsión dos aspectos do artigo 122.4 se o presente contrato implica a cesión de datos, recóllense na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas particulares.

### 4.- Informe de secretaría

Compróbase que o expediente está debidamente informado pola Secretaría Municipal.

### 5.- Fiscalización da Intervención

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNVAZCCA43DXGA\*3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 39





## CONCELLO DE CHANTADA

---

A fase A (autorización do gasto) foi sometida á fiscalización da Intervención Municipal. O resultado desta fiscalización foi que procede a tramitación do expediente.

### 6.- Aprobación do expediente

Segundo o artigo 117 da LCSP completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita Resolución implicará tamén a aprobación do gasto. Esta Resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.

Consta no expediente certificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Chantada, en sesión celebrada con data 21/04/2021, polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares e o expediente de contratación; se autoriza o gasto por importe de 66.728,98 euros e se dispón a publicación no perfil do contratante, no portal de transparencia e os demais medios que resulten procedentes. O contido do acordo axústase ás previsións do artigo 117 da LCSP, o órgano é o competente, xa que a competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local. Constátase a axeitada publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, residenciado na Plataforma de Contratos do Sector Público, con data 02/07/2021.

En canto á publicación no portal de transparencia, o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno sinala que os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste Título, entre os que se atopan as Administracións Locais, deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación, engadindo: a) todos os contratos, con indicación do seu obxecto, duración, o importe da licitación e da adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que se teñen publicitado, no seu caso, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Do mesmo xeito serán obxecto de publicación as decisións de desistimento e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse dato estadísticos sobre a porcentaxe do volumen orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.

Consultado o portal de transparencia non consta que se teñan realizado estas publicacións, polo que se recomenda a inmediata adopción de medidas para o cumprimento da normativa na materia.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

### 2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Neste apartado realizarase un seguemento do procedemento de adxudación do contrato para determinar se efectivamente se axustou ao procedemento previsto no artigo 159.6 da LCSP.

Consta no expediente acta da unidade tramitadora da contratación.

Constátanse os seguintes extremos:

- Respétase o prazo de presentación de ofertas, garantizándose mediante dispositivo electrónico o secreto das mesmas ata a súa apertura.
- As fórmulas para a valoración da proposición aplícanse axeitadamente, non existindo ofertas incursas en presunción de anormalidade.
- O licitador está debidamente inscrito no Rexistro de Contratistas de Galicia e acredita os demais extremos requeridos polo órgano de contratación para a adxudicación.
- A adxudicación foi sometida á fiscalización da Intervención Municipal (FASE D), resultando esta de conformidade.
- O contrato adxudícase, de acordo coa proposta da unidade tramitadora, en virtude da Resolución de Alcaldía número 2021/0595, sendo este decreto notificado a todos os licitadores e publicados no perfil do contratante.
- O contrato formalízase mediante aceptación/firma da Resolución.

### 3.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

#### - Plan de seguridade e saúde

De acordo co artigo 7.2 da LCSP o plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra. No caso de obras das Administracións Públicas, o plan, co correspondente informe do director de seguridade e saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración Pública que teña adxudicado a obra.

Compróbase que consta plan de seguridade e saúde e informe favorable do director de obra e coordinador de seguridade e saúde (R.E. 666 de data 13/08/2021). O plan de seguridade e saúde foi aprobado por Decreto de Alcaldía de (avocación de competencia) número 2021-064, de data 16/08/2021.

#### - Acta de comprobación do replanteo

O artigo 237 da LCSP prevé que a execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización salvo casos excepcionales xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, extendéndose acta do resultado que será firmada por ambas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.

Consta acta de comprobación do replanteo, con data 18/08/2021, asinada polo contratista, o director de obra e o Alcalde. Ademais, compróbase que se respecta o prazo de sinatura da acta de comprobación do replanteo, xa que o contrato foi formalizado con data 29/07/2021.

### - Control da execución do contrato

Segundo o artigo 62 da LCSP, con independencia da unidade encargada do seguemento e execución ordinaria do contrato que figure no pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica vinculada á entidade contratante ou allea a ela. Nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo conforme ao disposto nos artigos 237 a 246.

O órgano de contratación, no momento da aprobación do proxecto das obras nomeou un director de obra, atribuíndolle, polo tanto, as facultades e obrigas do responsable do contrato. Esta Intervención entende que o responsable do contrato debe levar unha estrita vixilancia do cumprimento dos criterios de adxudicación do contrato, especialmente do prazo de garantía das obras. Por exemplo, podería ser convinte a introducción nos pregos de contratación da obriga do director facultativo ou da unidade de seguemento do contrato da elaboración dun informe anual sobre o estado de conservación das vías, aos efectos de facer efectiva a garantía das obras. De xeito contrario córrese o risco de valorar para a adxudicación prestacións que non se realicen e resultaría frustrado o criterio de calidade introducido nas obras.

En canto ao cumprimento das condicións especiais de execución debe establecerse un sistema de control para a garantías do cumprimento, por exemplo a emisión dun informe do director facultativo ou da unidade encargada do seguemento da execución da obra no que obre a comprobación dos extremos recollidos nas condicións especiais de execución. De xeito contrario córrese o risco de que as condicións especiais de execución establecidas nos pregos se conviryan en meras declaracións de intencións.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

Ademáis, recoméndase a emisión dun informe do director de obra, tra-la execución do contrato relativo a como se efectuou o cumprimento do contrato, un informe de boa execución, comprensivo de todos os extremos previstos, cumprimento dos prazos de execución.

### 4.- RECOÑECIMENTO DA OBRIGA

Neste expediente realizouse a comprobación material da inversión, sendo a acta de recepción asinada pola Intervención Municipal e emitindo esta, informe ampliatorio posterior. Non obstante, a citación á Intervención non tivo lugar cos preceptivos 20 días de antelación e non se recibiu asistencia técnica nin sequera dos servizos técnicos municipais.

Consta fiscalización da Intervención favorable en canto ao recoñecemento da obriga.

### CONTROL FINANCEIRO DO EXPEDIENTE 204/2021.- CONTRATO MENOR SERVIZO TRATAMENTO ARQUIVISTICO MUNICIPAL.

#### A) ANTECEDENTES

Fundamentalmente, consta no expediente a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do expediente de contratación asinada polo Alcalde da Corporación con data 23/02/2021.
- Orzamento (R.E. número 721, de data 22/02/2021), correspondente á primeira fase do servizo do tratamento arquivístico do fondo municipal, por importe de 17.869,28 euros (14.768 euros de valor estimado e 3.101,28 euros de IVE).
- Documento contable de retención do crédito na partida orzamentaria 920.22799, por importe de 17.869,28 euros de IVE.
- Decreto 2021-0119, de data 23/02/2021, polo que se avoca a competencia e se adjudica o contrato menor de servizos a Dona Ana Romero Dapena e se aproba o gasto por importe de 17.869 euros, na aplicación orzamentaria 920.227.99.
- Factura por importe de 17.869,28 euros presentada por Dona Ana Eva Romero Dapena, con data 24/05/2021, co número de rexistro en contabilidade 2021/1831 e data de rexistro en contabilidade 24/05/2021. A factura atópase debidamente conformada polo Alcalde.
- Relación de Facturas F/2021/25, na que se incluí a mesma e fiscalización de conformidade da Intervención Municipal.
- Decreto 2021/0444 polo que se recoñece a obriga e se ordea o pago.

#### B) FUNDAMENTOS

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**Primeiro.-** Segundo o artigo 219 do TRLFL non estarán sometidos a intervención previa os contratos menores. Do mesmo xeito, o artigo 17 do RDCIL, previa distinción da fiscalización e da intervención previa, sinala que non estarán suxeitos a fiscalización previa os contratos menores, polo tanto debe entenderse que si estarán sometidos a intervención previa, debendo polo tanto ser obxecto de control no momento do recoñecemento da obriga. Como consecuencia do anterior, a fase AD do contrato de servizos mencionados non foi obxecto de fiscalización previa.

**Segundo.-** O artigo 17 da LCSP sinala que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou unha subministración. Non poderán ser obxecto deste contrato os servizos que impliquen o exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos. Asimesmo, segundo o artigo 118 da LCSP considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación ás obras, servizos e subministracións centralizadas no ámbito estatal. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contratato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos umbrais sinalados. Asimesmo, requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos establecidos na normativa vixente. Segundo o artigo 29.8 da LCSP os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

**Terceiro.-** Procédese á comprobación dos seguintes extremos:

- 1.- Compróbase que a calificación do contrato cumpre coas previsións do artigo 17 da LCSP, é dicir que se trata de prestacións de facer distinta de obras ou subministración e que non implican o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos.
- 2.- Compróbase que no expediente consta memoria xustificativa do órgano de contratación que define o obxecto do contrato e motiva a necesidade da contratación, a insuficiencia de medios e o non fraccionamento do obxecto do contrato, xa que o considera como unha necesidade puntual.
- 2.- Compróbase que consta un orzamento para a execución da prestación.
- 3.- Compróbase que consta decreto da Alcaldía, polo que se adjudica o contrato e se aproba o gasto.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

4.- Compróbase a presentación da factura e que esta cumpre cos requisitos da normativa en materia de facturación.

5.- Compróbase que foi recoñecida a obriga e que a fiscalización de tal recoñecemento tivo o carácter de conforme.

6.- Compróbase que a duración do contrato menor non excede de un ano, e que o contrato non foi obxecto de prórroga.

7.- Non consta publicación no Perfil do contratante, nin no Portal de Transparencia.

En conclusión, o expediente cumpre coas previsións do artigo 118 da LCSP, polo que se axusta ao ordeamento xurídico.

### **CONTROL FINANCEIRO DO EXPEDIENTE 77/2021.- FACTURACIÓN CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2021.**

Sen prexuízo de que este expediente non consta na acta da selección, esta Intervención entende pertinente pronunciarse sobre o mesmo. No expediente 77/2022 recóllense a práctica totalidade dos pagos do exercicio, salvo os relativos a algunhas contratacións e subvencións que se recollen nos expedientes correspondentes.

Examinado o conxunto das relacións que constan no expediente e que foron obxecto de fiscalización previa obsérvase que con carácter habitual realízanse pagos de subministracións de material de construción, xestoría, seguros, alugueiros, material eléctrico, pavimentados, subministracións de material de biblioteca, entre outros, sen que se teñan tramitado os correspondentes expedientes de contratación. Examinando a contabilidade municipal compróbase que en moitos casos supérase o límite do contrato menor e noutros, sen supéralo non se tramitan os expedientes do artigo 118 da LCSP, o que da lugar á emisión de constantes reparos por esta Intervención, xa que xeran situacións non permitidas pola normativa de contratación do sector público. Advírtese de que se debe levar a cabo unha actuación correctora inmediata, procedendo á licitación dos contratos e no seu caso á tramitación dos expedientes de contrato menor.

### **CONCLUSIÓN**

**Primeira.-** A tramitación dos expedientes de contratación no Concello de Chantada está normalizada, sen prexuízo de que sexa necesario realizar un esforzo excepcional para a tramitación dos contratos pendentes. Os modelos de expedientes son susceptibles de mellora..

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAF3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**Segunda.-** Cumprimento dos trámites fundamentais do expediente de contratación nos expedientes licitados, sen prexuízo das observacións sinaladas nos apartados anteriores.

**Terceira.-** As competencias do Alcalde en materia de contratación están delegadas na Xunta de Goberno Local, obsérvase que se acode constantemente á avocación da competencia, debendo ter ésta un carácter excepcional.

**Cuarta.-** Non se cumpren as obrigas de publicidade activa previstas na Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Quinta.-** Insuficiente acreditación de algúns aspectos relativos á execución dos contratos, como prazos, garantías ou condicións especiais de execución.

### RECOMENDACIÓNS

**Primeira.-** Recoméndase a elaboración de un plan de contratación para que esta poda ser programada e xestionada axeitadamente polo departamento e a utilización do procedemento de tramitación anticipada do gasto, aos efectos de evitar a acumulación de tramitacións de expedientes de contratación.

**Segunda.-** Que se dote ao departamento de contratación dos recursos necesarios para poder encargarse do seguemento, coordinación e control do contrato, asumindo todas as fases do mesmo (aprobación do expediente, adxudicación, control da execución e devolución da garantía). A insuficiencia de medios ocasiona tamén a imposibilidade da tramitación conxunta de todos os expedientes de contratación pendentes, xerando facturación irregular, incumpríndose así os principios da contratación pública, especialmente o de selección de oferta economicamente máis vantaxosa.

**Terceira.-** Elaboración de modelos de expedientes de contratación e pregos máis elaborados e mellora na normalización dos procedementos e coordinación con outros departamentos, especialmente co de subvencións.

**Cuarta.-** Redefinición do modelo de delegación de competencias de Alcaldía na Xunta de Goberno Local en materia de contratación. No caso de que se opte por non redefinir o modelo que os expedientes sexan resoltos polo órgano que ostenta a competencia delegada.

### B) Expedientes de selección de persoal

Solicítase ao departamento de persoal a remisión do conxunto de expedientes de selección de persoal tramitados no exercicio 2021. Respecto do listado de expedientes remitidos, que

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

acompaña ao presente expediente, efectúase unha selección do 5% dos mesmos, que de conformidade coa acta de selección de expedientes é o seguinte:

EXPEDIENTE	OBXECTO
448/2021	APROL RURAL 2021

De acordo coa base 33 das Bases de Execución do Orzamento os expedientes de selección de persoal laboral temporal estarán suxeitos ao réxime de fiscalización limitada previa, procedéndose a comprobar exclusivamente a existencia de dotación orzamentaria, polo que deberán ser obxecto dun control posterior:

### ANTECEDENTES DE FEITO

Antes de facer referencia aos antecedentes de feito compre facer a observación de que unha vez que esta Intervención accede ao contido do expediente 448/2021, aos efectos de efectuar as comprobacións oportunas para a realización do presente control financeiro, observa que consta un único expediente para a subvención correspondente ao APROL RURAL e o proceso selectivo levado a cabo para financiar as actuacións correspondentes a esta subvención. Ademáis o expediente atópase desordeado, de xeito que resulta moi difícil a súa comprensión e manifesta unha práctica administrativa pouco axeitada.

Recoméndase a elaboración de expedientes separados, e a súa relación posterior mediante o xestor de expedientes, xa que deste xeito, os expedientes presentarán a súa forma correspondente e non recollerán documentos mezclados correspondentes a unha ou outra actuación, contribuíndo así a unha mellor comprensión dos mesmos e facilitando os traballos de comprobación realizados pola Intervención municipal e por calquera outro suxeito que acceda ao expediente.

Efectuada a observación anterior, fundamentalmente, no expediente consta a seguinte documentación relativa á materia de selección de persoal.

- Providencia de Alcaldía pola que se insta a emisión de informe de Secretaría e da Intervención Municipal, de data 28/06/2021.
- Memoria de Alcaldía de data 29/06/2021, xustificativa da necesidade de contratación no Concello de Chantada, por un periodo de 9 meses, dun peón para o fomento de emprego no medio rural.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGA\*3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 39





## CONCELLO DE CHANTADA

---

- Bases para a selección e contratación dun peón forestal ao abeiro da orde do 12 de abril, de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural.
- Fiscalización da Intervención Municipal correspondente á FASE A, autorización do gasto, para a selección de un peón forestal para o fomento do emprego no medio rural, por un periodo de 9 meses no exercicio 2021.
- Decreto 2021/0512, polo que se acorda a aprobación das bases da convocatoria, se convoca o proceso selectivo, se acorda a presentación dunha oferta específica no Servizo Público de Emprego de Galicia e se ordea a súa publicación na páxina web municipal, taboleiro de edictos e o envío á oficina de emprego de Chantada.
- Acta do Tribunal para a selección dun peon forestal para o fomento do emprego no Medido Rural durante o exercicio 2021, asinada de xeito manual con data 09/07/2021.
- Decreto 2021-0536, polo que se acorda a contratación de Don Adrián García Costoya.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

Fundamentalmente resulta de aplicación a seguinte normativa:

- RD Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia. (LEPGA).
- RD Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto do Traballador. (TRET).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. (LRBRL).
- RD Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local. (TRRL).
- RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado. (RXI).

### FUNDAMENTOS

**Primeiro.-** É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación do persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. O persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas réxese, ademáis de pola lexislación laboral e polas demais normas

---

### CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

convencionalmente aplicables, polos preceptos do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público que resulten de aplicación.

**Segundo.-** En canto aos trámites fundamentais do procedemento que debe seguirse cabe indicar que o artigo 31 LRBRL sinala que a selección de todo o persoal sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de oposición, concurso-oposición e concurso (sistemas selectivos establecidos tanto para selección do persoal funcionario como laboral), nos que se debe garantir en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. En concreto, e polo que respecta á selección de persoal laboral temporal, o Real Decreto 861/1991, non establece ningunha norma respecto diso e o artigo 35 do Real Decreto 364/1995, que regula o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria ás entidades locais, indica que os contratos de persoal laboral temporal celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen polo Ministerio para as Administracións Públicas.

Como se indica, a característica do procedemento de selección de persoal laboral temporal é a carencia de norma algunha que regule de modo concreto un determinado procedemento, de xeito que todas as normas citadas fan concluír que en todo procedemento de selección de persoal laboral temporal deben garantirse os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

En canto ao contido das bases que rexeron o proceso selectivo examinado o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos para a selección enténdese que o contido das bases axústase ao previsto no citado precepto. Non obstante, en canto á composición do Tribunal, de acordo co artigo 60 do TREBEP, non debe formar parte do mesmo o persoal laboral temporal non fixo.

En canto ao cumprimento das esixencias de publicidade, o proceso selectivo desenvolveuse en aplicación da orde do 12 de abril, do 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural para o exercicio 2021, cuxo obxectivo fundamental, tal e como se indica na súa exposición de motivos é facilitar a mellora da empregabilidade da poboación desempregada, polo que dacordo co artigo 14 da mencionada orde deben estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia. Respecto a este extremo cabe sinalar que no expediente consta a oferta para o INEM e un listado recibido do INEM, ambos documentos carecen respectivamente de rexistro de saída e entrada do Concello de Chantada, recomendase eliminar a práctica de introducir nos expedientes

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNVAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

documentación carente de rexistro de entrada, pois todo documento que obre nos expedientes municipais ou que sala dos mesmos debe constar no rexistro, acreditando entre outros extremos, a data da súa entrada ou saída.

En canto ao cumprimento dos principios de publicidade activa non consta a publicación de documentación algunha en canto ao proceso selectivo no portal de transparencia. Asimesmo, aínda que se realiza a preselección por parte do INEM, recoméndase a maior publicidade dos procedementos de selección do persoal e do desenvolvemento dos mesmos.

Consta acta do Tribunal calificador que propón a contratación de Don Adrián García Costoya. Do mesmo xeito consta no expediente o contrato de traballo.

Non consta fiscalización da Intervención Municipal correspondente á FASE D (contratación), debe someterse á fiscalización da intervención municipal a contratación do persoal.

### CONCLUSIÓNS

**Primeira.-** A esta Intervención resúltalle complicado o exame do presente expediente xa que está desordeado e mezclado con outras materias, constan documentos que non teñen rexistro de entrada.

**Segunda.-** Non se acredita o cumprimento das esixencias de publicidade activa previstas na normativa sobre transparencia e aínda que se trate dun expediente de convocatoria restrinxida ao INEM debe dársele unha maior publicidade.

**Terceira.-** Consta acta do Tribunal de selección e o correspondente contrato.

**Cuarta.-** A Fase D de execución do gasto (contrato), non foi sometida á fiscalización da Intervención Municipal.

### RECOMENDACIÓNS

**Primeira.-** Un único funcionario é o que se ocupa dos procedementos de persoal, ademais de outras tarefas. Recoméndase a dotación dos recursos humanos necesarios e a creación dun departamento que se encargue da levanza do persoal, que non só se ocupe dos expedientes de aprobación das bases, senon tamén de outros expedientes como o control do absentismo, das vacacións, dos horarios, da elaboración da relación de postos de traballo, negociación de convenios colectivos, etc. Todo elo aos efectos de que os expedientes se tramiten de xeito ordeado e non urxente e se garantice o cumprimento da normativa vixente.

**Segunda.-** Debe terse especial coidado coas contratacións temporais aos efectos de non xerar situacións de indefinicións, que poden acadarse como consecuencia da existencia dunha

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

necesidade estrutural non recoñecida oficialmente pola Administración pero que teña sido cuberta mediante nomeamentos e contratos temporais en fraude, xa que neste caso o xuíz laboral pode obrigar ao ente pública a crear a praza e vincular a ela ao indefinido non fixo, sen prexuízo das responsabilidades ás que haxa lugar.

**Terceira.-** Debe terminarse co procedemento de aprobación da Relación de Postos de Trballo do Concello, o que contribuirá á racionalización dos recursos humanos e a un desenvolvemento das tarefas máis eficiente.

**Cuarta.-** Debe procederse á negociación do convenio colectivo regulador das condicións de traballo do persoal laboral e funcionario do Concello.

### c) Control financeiro dos ingresos

O artigo 219.4 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais prevé a posibilidade da substitución da fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade. As Bases de Execución do Orzamento do Concello para o exercicio 2021 acollen esta previsión.

Neste exercicio óptase por realizar un control posterior dos ingresos de ICIO e taxa por expedición de licenzas e cambios de titularidade. A tal efecto, solicítase ao departamento de urbanismo a remisión do conxunto de expedientes suxeitos a ICIO ou taxa por tramitación de licenzas tramitados no exercicio 2021. Respecto ao listado dos expedientes remitidos efectúase unha selección do 5% dos mesmos, que, de conformidade coa acta de selección obrante no expediente son os seguintes:

EXPEDIENTE	OBXECTO
381/2021	Substitución de cuberta en Travesía Serra do Faro 5-7-9
885/2021	Reforma local planta baixa en Rúa do Parque
1.378/2021	Proxecto instalación planta satélite GNL
93/2021	Edificio Almacor
128/2021	Peche de muro de bloque
519/2021	Cambio titularidade
1411/2021	Acondicionamento entreplanta Avda de Monforte.

Limitase o alcance do presente control á comprobación dos expedientes urbanísticos no que afectan aos ingresos, o imposto e a taxa, sin facer observación algunha no que se refire a outros

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a Plataforma Xestión Pública | Páxina 28 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

aspectos, xa que non deben ser obxecto de control por parte da intervención, pois non afectan a gastos ou ingresos do Concello.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Ordenanza fiscal do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras publicada no BOP Lugo de 22 de maio de 2008.
- Modificación da Ordenanza do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras publicada no BOP número 225 de data 29/09/2021.
- Ordenanza fiscal da taxa por licenzas e servizos urbanísticos publicada no BOP de Lugo de data 10/05/2013.

### CONTROL POSTERIOR

EXPEDIENTE	OBXECTO	ICIO	TAXA
381/2021	Substitución de cuberta en Travesía Serra do Faro 5-7-9	Correctamente liquidado e pagado.	Correctamente liquidada e pagada
885/2021	Reforma local planta baixa en Rúa do Parque	Correctamente liquidado e pagada	Correctamente liquidada e pagada
1.378/2021	Proxecto instalación planta satélite GNL	Correctamente liquidado e pagada	Correctamente liquidada e pagada
93/2021	Edificio Almacor	Correctamente liquidado e pagada	Correctamente liquidada e pagada
128/2021	Peche de muro de bloque	Correctamente liquidado e pagada	Correctamente liquidada e pagada
519/2021	Cambio titularidade	Non procede	Correctamente liquidada e pagada
1411/2021	Acondicionamento entreplanta Avda de Monforte.	Correctamente liquidado e pagada	Correctamente liquidada e pagada

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

### D) Seguemento da execución orzamentaria

A liquidación do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021 aprobouse con data 31/01/2021, e as magnitudes fundamentais resultantes da mesma son:

#### RESULTADO ORZAMENTARIO

O resultado orzamentario é unha magnitude derivada da execución do orzamento e, como resultado que é, mostra a diferenza entre os ingresos orzamentarios e os gastos orzamentarios recoñecidos no exercicio, ambos en termos netos.

O gasto orzamentario representa o consumo de recursos da entidade no exercicio e o ingreso orzamentario a obtención de recursos para financiar dito gasto, en consecuencia, o resultado orzamentario expresa se os fondos orzamentarios obtidos teñen sido suficientes para financiar os gastos orzamentarios. Neste senso, poden darse tres situacións: que os ingresos orzamentarios sexan superiores aos gastos orzamentarios (superávit); que os ingresos orzamentarios sexan inferiores aos gastos orzamentarios (déficit); e que os ingresos orzamentarios sexan iguais aos gastos orzamentarios (equilibrio).

Un resultado orzamentario positivo implica que os recursos xerados teñen financiado todo o gasto orzamentario e prodúcese un sobranse de financiación, supoñendo este superávit un incremento neto do remanente de tesouraría por operacións orzamentarias.

Un resultado orzamentario negativo supón que os fondos orzamentarios obtidos no período non foron suficientes para financiar todo o gasto orzamentario, producindo unha situación de déficit de financiación, supoñendo este déficit unha diminución neta por operacións orzamentarias do remanente de tesouraría.

Un resultado orzamentario equilibrado, supón que os recursos orzamentarios obtidos no período financiaron exactamente o gasto orzamentario do mesmo.

O resultado orzamentario do Concello de Chantada para o exercicio 2021 é o seguinte:

	MAGNITUDE	IMPORTE
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	8.767.061,04
2	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	8.604.546,07
3 (1-2)	RESULTADO ANTES DE AXUSTE	162.517,97
4	DESVIACIÓNS DE FINANCIACIÓN POSITIVAS	580.481,78
5	DESVIACIÓNS DE FINANCIACIÓN	581.590,08

#### CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

	NEGATIVAS	
6	OBRIGAS RECOÑECIDAS FINANCIADAS CON RTGX	1.000.025,62
<b>7 (+3-4+5+6)</b>	<b>RESULTADO ORZAMENTARIO POSITIVO</b>	<b>1.163.648,89</b>

Como se observa, a liquidación do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021 arroxa un resultado orzamentario positivo de 1.163.648,89 euros, o que pon de manifesto que durante o exercicio orzamentario recoñeceronse dereitos orzamentarios en contía suficiente para atender aos gastos orzamentarios do exercicio, que o Concello aforrou durante o exercicio.

### REMANENTE DE TESOURARÍA

O artigo 191 do TRLFL o remanente de tesourería para gastos xerais está constituído polas obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro. O cómputo do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando, de acordo co establecido regulamentariamente os dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil recadación. En termos xerais o RTGX é un recurso orzamentario obtido pola acumulación de resultados presupostarios de exercicios anteriores e do exercicio que se cerra e pode utilizarse para financiar o gasto orzamentario dos exercicios seguintes.

O remanente de tesouraría reflexa a liquidez acumulada total da entidade local ao final de cada ano, de xeito que se é positivo constitúe, sen prexuízo dos destinos para el previstos na normativa vixente, un recurso para financiar modificacións de crédito e reflexa os aforros teóricos da Entidade Local. Non obstante, se é negativo manifesta que a Entidade Local está nunha situación de quebra técnica, debendo adoptarse as medidas establecidas na normativa vixente.

Efectuada a liquidación do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021 resulta o seguinte cómputo do remanente de tesouraría para gastos xerais.

	MAGNITUDE	IMPORTE
1	FONDOS LÍQUIDOS	1.336.836,47
2	DEREITOS PENDENTES DE COBRO	2.499.531,85
3	OBRIGAS PENDENTES DE	545.177,32

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

	PAGO	
4	PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-7.934,04
5 (1+2-3+4)	REMANENTE DE TESOURARÍA XERAL	3.283.256,96
6	SALDOS DE DUDOSO COBRO	1.771.422,45
7	EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA	552.464,68
<b>8 (5-6-7)</b>	<b>REMANENTE DE TESOURARÍA DISPOÑIBLE PARA FINANCIAR GASTOS XERAIS</b>	<b>959.369,83</b>

Como se observa, a liquidación do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021 arroxa un remanente de tesouraría positivo por importe de 959.369,83 euros, podendo ser utilizado polo Concello nos exercicios seguintes, nos termos da normativa vixente.

Sen prexuízo do anterior, compre observar que consultados os datos da contabilidade municipal resulta que o desglose dos dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago son os seguintes:

DEREITOS PENDENTES DE COBRO	2.499.531,85
CORRENTE	471.079,70
PECHADOS	2.018.563,20
NON ORZAMENTARIO	9.888,95

OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	545.177,32
CORRENTE	10.879,42
PECHADOS	293.208,33
NON ORZAMENTARIO	241.089,57

Esta Intervención entende que é previsible que o importe dos dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago de exercicios pechados non se correspondan coa realidade, incumprindo o principio de imaxe fiel e, polo tanto, impedindo que o Concello empregue os

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 39





## CONCELLO DE CHANTADA

seus recursos da forma máis eficiente posible. Deberá iniciarse un procedemento de depuración de saldos contables.

### ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

O artigo 3 da LOEPSF define a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural, sinalando que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria coherente coa normativa europea. Asimesmo, segundo o artigo 11 desta Lei, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten a gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que formen parte do sector público someteráse ao principio de estabilidade orzamentaria. Ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

De acordo co Manual da IGAE para o cómputo da estabilidade orzamentaria, para calcular a capacidade/necesidade de financiación compáranse os dereitos recoñecidos polos capítulos 1 a 7 de ingresos e as obrigas recoñecidas dos capítulos 1 a 7 de gastos, realizándose os correspondentes axustes SEC do seguinte xeito:

CAPITULOS	IMPORTE
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS CAPITULOS 1 A 7	8.422.994,44
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS CAPÍTULOS 1 A 7	8.604.546,07
<b>TOTAL</b>	<b>-181.551,63</b>
AXUSTES SEC	-18.209,50
<b>TOTAL AXUSTADO</b>	<b>-199.761,13</b>

- Nota: como se deriva do expediente relativo á liquidación do orzamento do exercicio 2021 os axustes derivan da diferenza dos dereitos recoñecidos e o recadado polos capítulos 1 a 3 e as devolucións pola Participación dos Tributos do Estado.

Obsérvase que a liquidación do Concello de Chantada para o exercicio 2021 manifesta unha necesidade de financiación por importe de 199.761,13 euros. Deben analizarse as causas do incumprimento da estabilidade orzamentaria para determinar se constitúen un problema de financiación estrutural, que, en definitiva, é o que se pretende evitar co cómputo desta

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





## CONCELLO DE CHANTADA

---

magnitude. Esta Intervención entende que as causas do incumprimento da estabilidade orzamentaria no exercicio 2021 son as seguintes:

### **1.- Utilización do Remanente de Tesouraría para gastos xerais. Expediente**

Da liquidación do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2020, resultou un remanente de tesouraría dispoñible para financiar gastos xerais por importe de 1.000.025,70. Por outra banda, de acordo coa liquidación do orzamento de Chantada para o exercicio 2021, as obrigas financiadas con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais ascenderon a 1.000.025,62 euros, polo que no exercicio 2021 executouse a totalidade do remanente de tesouraría dispoñible para financiar gastos xerais.

A utilización do remanente de tesouraría para gastos xerais executouse mediante a tramitación dunha modificación de crédito (suplemento e crédito), que afectou a ingresos e gastos. Deste xeito, tivo lugar un incremento do concepto 870 (Capítulo 8 do orzamento de ingresos), e un incremento de gastos nos capítulos correspondentes deste orzamento, (1 a 7) en función do gasto que se pretendeu financiar. Polo tanto, xerouse un desequilibrio nos capítulos 1 a 7 de ingresos e 1 a 7 de gastos, xa que nos gastos computa o 1.000.025,62 euros de remanente utilizado e nos ingresos non, porque o incremento de ingresos tivo lugar no capítulo 8.

### **2.- Concertación dunha operación do crédito para a financiación da obra LMTS CS POLÍGONO INDUSTRIAL OS ACIVROS. Expediente 545/2021.**

O Concello solicitou un préstamo por importe de 408.312,98 euros para o financiamento da aportación municipal da obra LMTS CS POLÍGONO INDUSTRIAL OS ACIVROS. Non obstante, non se dispuxo da totalidade do importe solicitado e soamente se recoñeceron dereitos por importe de 344.066,60 euros.

A financiación desta inversión municipal con préstamo executouse mediante a tramitación dunha modificación de crédito (suplemento de crédito), que afectou a ingresos e gastos. Deste xeito tivo lugar un incremento do capítulo 9 (pasivos financeiros), do orzamento de ingresos e un incremento de gastos no capítulo 6 do orzamento de gastos. Polo tanto, xerouse un desequilibrio nos capítulos 1 a 7 de ingresos e 1 a 7 de gastos, xa que nos gastos computa o 344.066,60 euros de inversións e non nos ingresos, xa que este incremento prodúcese no capítulo 9.

### **3.- Subvencións que financiaron gasto, que foron xustificadas e que están pendentes de ingreso.**

O apartado cuarto do Marco Conceptual da Contabilidade Pública recollido na primeira parte da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local sinala que o recoñecemento do ingreso orzamentario derivado de transferencias ou subvencións recibidas debe realizarse cando se produza o incremento do

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

activo no que se materialicen (tesouraría), sen prexuízo de que o ente beneficiario das mesmas poda recoñecer o ingreso orzamentario con anterioridade, se coñece de forma certa que o ente concedente ten dictado o acto de recoñecemento da obriga. Deste xeito, o Concello, salvo que coñeza de forma certa que o ente concedente recoñeceu a obriga correspondente, como beneficiario da subvención non pode recoñecer o dereito derivado da aportación subvencional ate que o ente concedente efectúe o ingreso na tesouraría municipal. Esta situación da lugar a que se produza un incremento de recoñecemento de obrigas nos capítulos correspondentes do orzamento de gastos e non de recoñecemento de dereitos, xa que se producirá no exercicio en que teña lugar o ingreso. A diferenza entre os dereitos recoñecidos por subvencións no exercicio e as obrigas recoñecidas por gastos subvencionados no exercicio é de 120.794,13 euros.

En conclusión, non parece que se trate dun problema estrutural de estabilidade orzamentaria, xa que o motivo fundamental do incumprimento é a utilización do remanente de tesouraría dispoñible para financiar gastos xerais e a falta de ingreso das subvencións citadas na observación terceira do presente apartado.

O Acordo do Consello de Ministros de data de data 6 de outubro de 2020, seguindo as directrices comunitarias, acordou suspender as regras fiscais en 2020 e 2021 e solicitou ao Congreso dos Deputados a apreciación de que en España estamos sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da CE e no 11.3 da LOEPSF. Esta declaración foi aprobada polo Congreso dos Deputados en data 20 de outubro de 2020, o que implica unha serie de consecuencias. Aos efectos da aplicación do acordo sinalado, a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos remitiu unha comunicación aos concellos en relación á suspensión das regras fiscais, que se incorpora ao expediente.

Non obstante, a suspensión das regras fiscais non implica renunciar á prudencia e responsabilidade na xestión financeira e, polo tanto, continúan tamén vixentes as seguintes obrigas: a) As relativas ao cumprimento do periodo medio do pagamento b) As de transparencia previstas na LOEPSF e normas de desenvolvemento c) A de avaliar a capacidade/necesidade de financiación en termos de contabilidade nacional no seu orzamento, na súa execución e na súa liquidación d) A responsabilidade fiscal e a aplicación do principio de prudencia financeira na estimación dos ingresos e gastos para elaborar o orzamento.

Recoméndase que se teña especial coidado co cumprimento da estabilidade orzamentaria e se teñan en conta os seus efectos sobre a situación económica do Concello no momento da

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7L5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

tramitación de modificacións de crédito financiadas con recursos financeiros. Debe recordarse a obriga de prudencia e responsabilidade na xestión financeira.

### AFORRO NETO.

O aforro neto legal dunha entidade local pode definirse como a diferenza entre os dereitos recoñecidos netos polos capítulos 1 a 5, e as obrigas recoñecidas netas polos capítulos 1, 2 e 4, minorada na anualidade teórica de amortización. Representa a medida na que a Entidade Local pode facer fronte a novas débedas, tendo en conta a súa estrutura de ingresos e gastos e as débedas concertadas que ten pendentes. A información que proporciona reflexa a solvencia da Entidade Local, isto é o equilibrio necesario entre os ingresos e gastos correntes para non incurrir en Remanentes de Tesouraría negativos que xeren falta de liquidez e retrasos nos pagos ou no cumprimento das obrigas.

	MAGNITUDE	IMPORTE
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS CAPÍTULOS 1 A 5	6.663.362,02
2	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS 1,2,4	5.370.422,77
3	AFORRO BRUTO	1.292.939,25
4	ANUALIDADE DE AMORTIZACIÓN	40.000 euros
5	AFORRO NETO	1.252.939,25

### VOLUME DE ENDEBEDAMENTO

O volume de endebedamento non supera o 75% dos recursos correntes liquidados, polo que non se require autorización.

Operacións vivas engandido a proxectada: 344.066,60

Recursos ordinarios liquidados: 6.663.362,02

### PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES E CONTROL DA MOROSIDADE DA DÉBEDA COMERCIAL

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGA\*3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 e 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

Examinados os datos do periodo medio de pago a provedores do Concello de Chantada e morosidade da débeda comercial obsérvase que cumpren os prazos previstos na normativa legal. Compróbase tamén que a remisión dos datos realizados á oficina virtual de coordinación financeira coas entidades locais realizouse dentro do prazo previsto na normativa.

### e) Seguemento e evolución da Tesouraría Municipal

En canto ao seguemento da Tesouraría Municipal esta Intervención entende pertinente observar o seguinte:

#### 1.- Plan de disposición de fondos

De acordo co artigo 187 do TRLFL a expedición das ordes de pago deberá acomodarse ao plan de disposición de fondos da tesouraría que se estableza polo presidente que, en todo caso, deberá recoller a prioridade dos gastos de persoas e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

O plan de disposición de fondos é un instrumento de planificación da tesouraría municipal, de carácter obrigatorio no que se recollerán os criterios a aplicar na expedición das ordes de pago e a orde de prioridade na realización dos mesmos.

O Concello de Chantada non dispón dun plan de disposición de fondos da Tesouraría Municipal. A xestión da tesouraría esixe dispoñer dos instrumentos axeitados que garanten a liquidez suficiente para o puntual pago das obrigas e optimice o emprego dos recursos financeiros.

#### 2.- Previsión da evolución da liquidez

Examinados os calendarios e orzamentos de tesouraría remitidos á oficina virtual de coordinación financeira coas entidades locais a finais do exercicio 2021 o Concello non presenta problemas de liquidez.

#### 3.- Praza de Tesouraría

Non se ten creado a praza de Tesouraría reservada a Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional. Debe recordarse que o artigo 14 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional prevé que as Corporacións Local cuxa Secretaría esté clasificada en primeira ou segunda clase, existirá un posto de Tesouraría ao que lle corresponderán as funcións enumeradas no artigo 5 do RD e que estará reservado a funcionarios de administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGA\*3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

### CONCLUSIÓNS

**Primeira.-** A liquidación do Concello de Chantada no exercicio 2021 manifesta un resultado orzamentario positivo, un remanente de tesouraría positivo, aforro neto positivo e un volumen de endebedamento por debaixo do límite legal. Non obstante, deben executarse expedientes de depuración de saldos contables para un mellor reflexo da imaxe fiel da realidade económico-financeira, patrimonial e orzamentaria.

**Segundo.-** A liquidación do orzamento do Concello de Chantada no exercicio 2021 manifesta un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que unha vez analizado, esta Intervención non considera estrutural, sen prexuízo de que se deba observar o principio de prudencia na execución do orzamento.

**Terceiro.-** O Concello non conta cun plan de disposición de fondos aprobado, non se considera que existan problemas de liquidez e a debe ser creada a praza de Tesouraría reservada a Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

### RECOMENDACIÓNS

**Primeira.-** Que se controle a execución do orzamento para garantir o cumprimento das regras fiscais.

**Segunda.-** Que se realicen procedementos de depuración de saldos contables, para un mellor reflexo da imaxe fiel da realidade económico-financeira, patrimonial e orzamentaria da entidade.

**Terceira.-** Que se elabore e aprobe un plan de disposición de fondos.

**Cuarta.-** Que se proceda á creación da plaza de Tesouraría reservada a Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

### 3.- VALORACIÓN GLOBAL

De conformidade coa Resolución da IGAE de 30 de xullo de 2015, pola que se dictan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente neste apartado recollerase unha valoración global. Respecto da mesma cabe sinalar o seguinte:

- A) Contratación:** mellorouse na tramitación de algúns aspectos como a licitación electrónica dos procedementos de contratación e na súa normalización. O persoal do servizo resulta insuficiente para a xestión da totalidade dos expedientes e o control dos mesmos. Debe mellorarse en aspectos como a transparencia e o control da execución dos contratos.

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 39



## CONCELLO DE CHANTADA

---

- B) Persoal:** non existe un departamento diferenciado, debe mellorarse na xestión do persoal, partindo da elaboración dunha axeitada relación de postos de traballo que solvete os problemas estruturais de persoal municipal e agotar as taxas de reposición de efectivos. Abuso da contratación temporal dando lugar a situacións de indefinición non amparadas polo ordeamento xurídico. Deben adoptarse medidas axeitadas de planificación do persoal municipal.
- C) Tesouraría:** Debe crearse a praza de Tesouraría reservada a Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional. O servizo está ben organizado, cumpríndose as obrigas de pago nos termos previstos na normativa aplicable. Debe aprobarse un plan de disposición de fondos.
- D) Patrimonio Municipal:** Non existe un departamento no Concello que se encargue especificamente da protección do patrimonio municipal. Resulta necesario elaborar e aprobar un inventario de bens actualizado. Non se tramitan expedientes propios de este departamento, por exemplo arrendamentos de bens, que se pagan reiteradamente (telecentro ou aparcamentos)
- E) Subvencións:** Non se ten aprobado un plan estratéxico de subvencións. Recoméndase a elaboración dunha ordenanza de subvencións.
- F) Situación económico-financeira:** A situación económica do Concello é axeitada, cumpríndose a maioría dos parámetros esixibles a excepción da estabilidade orzamentaria por motivos que esta intervención non considera estruturais. Debe realizarse un expediente de depuración de saldos contables, aos efectos de mellorar o reflexo da imaxe fiel na contabilidade municipal.
- G) Control Interno:** Recoméndase a aprobación dun Regulamento de Control Interno, o que contribuirá a avanzar na normalización dos procedementos que afecten aos gastos e ingresos, facilitando a labor da Intervención e permitindo un control máis eficaz.
- H) Transparencia:** Mellora do Portal de Transparencia do Concello.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4QNAZCCA43DXGAP3LR6M7LK5K | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 39